

## **O PSdeG de Antas de Ulla destaca o investimento que está a facer a Deputación de Lugo para mellorar as vías do Concello**

Pilar García Porto indica que a xestión que está a facer o Goberno Provincial permitiu realizar importantes actuacións para acondicionar e mellorar numerosas estradas de Antas mentres que a entidade local deixa nun estado lamentable os viais de titularidade municipal, supoñendo, en moitos casos, un risco para os usuarios dos mesmos

A voceira do PSOE destaca que o Executivo de Gómez Besteiro, ademais de ter o Parque Móbil recuperando as vías da súa titularidade, adoptou unha nova promesa a través do Plan de Obras e Servizos (POS) para mellorar os accesos a Fontelo, San Martiño do Carrasco, Vilasión e San Fiz, ao igual que se acondicionaron os de Bertosende, Fervela e Quintela co Plan de 2014

**ANTAS DE ULLA, 20 DE FEBREIRO DE 2015.-** O Grupo Socialista do Concello de Antas de Ulla móstrase moi satisfeito co investimento que está a facer a Deputación de Lugo para o acondicionamento e mellora das vías do Concello. Segundo a voceira do PSOE, Pilar García Porto, “esta institución fixo das estradas unha prioridade, mentres que o equipo de Goberno local mantén nun estado lamentable os viais de titularidade municipal, o que supón, en moitos casos, un auténtico perigo para os que circulan por elas, o risco de accidente é moi elevado”.

Neste senso, os socialistas de Antas están “enormemente satisfeitos co traballo da Deputación ao acondicionar todas as vías no Concello, máis aló, incluso, dos límites municipais, como é o caso da estada que vai ata Chantada”. Destacan que, na tempada de verán, se limparon con profundidade todas as cunetas do viarios provinciais e, posteriormente, se fixo unha rexeneración completa do firme das mesmas, de tal xeito que o remate afectará a máis de 60 quilómetros neste municipio.

### **Actuacións executadas**

García Porto lembra a importancia das actuacións levadas a cabo polo organismo provincial, como é o caso do remate das estradas que van de Chantada a Antas de Ulla e a Vilanuñe ou a de Antas de Ulla a Rodeiro, pasando por Santa Cristina. Ademais, sinala a socialista, acondicionouse con aglomerado quente o vial que comunica Antas coa Ponte Merced ata a aentrada á Fervela, realizouse unha rexeneración completa do firme da rúa Rodeiro e, na rúa General Portomeñe, tamén se mellorou un treito con aglomerado, dotándoo de sinalización horizontal e pintura.

### **Novos compromisos**

Pero o compromiso do Goberno de Gómez Besteiro cos veciños e veciñas de Antas non remata aquí. Tal e como explican os socialistas de Antas, adoptouse unha nova promesa a través do Plan de Obras e Servizos (POS) para mellorar con 26.378 euros os accesos a Fontelo, San Martiño do Carrasco, Vilasión e San Fiz, ao igual que se acondicionaron os de Bertosende, Fervela e Quintela co Plan de 2014. Todas estas actuacións serán posibles grazas á xestión do PSOE, o que permitirá aumentar o investimento en obra pública no municipio e contribuirán ao mantemento de postos de traballo na zona.